



Decembro 08

Durante este curso, toda a escola estamos a traballar sobre **a toponimia** da nosa contorna. **E ti de onde vés sendo?** é o lema que aglutina as actividades que estamos a realizar.

QUE É A TOPONIMIA?

A **toponimia** é o estudo dos **nomes** de lugar: países, cidades, ríos, mares, montañas, etc

Estes **nomes** chámanse **topónimos**

PÁXINAS INTERESANTES RELACIONADS COA TOPONIMIA.

<http://www.xunta.es/toponimia?lang=es>
<http://www.chamateconxeito.com>

NOTICIA DE INTERESE: Podes acceder a enciclopedias, dicionarios, atlas, etc., sempre actualizados, a través de internet... co teu *nº de lector* da biblioteca do cole e *o teu nome*.



COMO?

Segue estes pasos:

- 1º-www.opacmeiga
- 2º-buscar información
- 3º-recursos web
- 4º-recursos electrónicos

as Chans,
a Mámoa,
o Viso,
a Foz, ...

VILAMEÁN, as
Telleiras, a Barxa,
Balinfra, **Pracíns,**
a Madorra,
o Seixo, a Areíña,




... E TI DE ONDE VÉS SENDO

¿ ?



Os Bolechas

OS BOLECHAS é unha familia de seis irmáns e un can, protagonistas de numerosos libros infantís, que se ocupan dos nosos lugares, da nosa contorna ,...



O trasno Illote habita nunha illa marabillosa que defende e protexe. As Illas Cíes son a súa casa, o seu territorio. Un fato de rapaces chega a visitalas e gozar delas. Mais hai quen, xogando coma un pirata, esquecese do poder máxico que os trasnos gardan...

"O LIBRO DAS ILLAS CÍES"

**A.Pérez / M.Casado
ED. A NOSA TERRA**



Libro de cociña do mundo, para nenos. UNICEF

grazas a este libro vas entrar no máxico mundo da cociña. Aprenderás a cociñar pratos sinxelos e, ademais, viaxarás por todo o mundo nunha viaxe marabillosa, probando pratos que é posible que ti non coñezas.



PODEMOS FACER UN MONTÓN DE PEQUENAS COUSAS QUE CONTRIBUIRÁN Á CONSERVACIÓN E COIDADO DOS NOSOS LUGARES.

"TI PODES SALVAR

O PLANETA".

101 cousas que ti podes facer para protexer o medio.



PÉTALA-ED.OOQ

QUE IMPORTANTE É A AUGA NA NOSA VIDA!

QUE SERÁ A TALASONIMIA?

A TALASONIMIA é a toponimia litoral e mariña : **OS NOMEŞ DO MAR.**

Xosé Lois Vilar leva anos traballando para que a cultura popular non morra. Este traballo é unha xoia para todos nós xa que a través del achegámonos á cultura tradicional mariñeira.



Este é un libro pensado para os maiores : mamás, papás, avoas, avós,...

XOSÉ LOIS VILAR vén de publicar o libro :

Talasonimia da costa sur de Galicia.

Da Punta do Caranquexo (Panxón, Nigrán) ao Regueiro da Gándara (Salcidos, A Guarda).

LUZ MÉNDEZ escribiu o libro: **POR QUE SE CHAMA ASÍ ESTE SITIO?** O significado dos nosos nomes de lugar.